

# Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 29 de outubro de 2015

Hora: 9:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

Purificación Cariñena Amigo

José Varela Pet

Gumersindo Feijoo Costa

Julia González Álvarez

M<sup>a</sup> Carmen Palacios Oubiña

Ausencias xustificadas: Tomás Fernández Pena

Puntos a tratar:

1. Aprobación de actas de reunións anteriores.
2. Cumprimento do Plan Executivo de Calidade.
3. Actualización da Programación Plurianual do Plan Estratéxico.
4. Realización dos Informes de Seguimento.
5. Memoria de Calidade do Centro.
6. Participación na Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade.
7. Quenda aberta.

## **1. Aprobación de actas de reunións anteriores.**

Ficaban pendentes de aprobación as actas correspondentes ás reunións de 30 de abril e 9 de xullo de 2015. Apróbanse ambas.

## **2. Cumprimento do Plan Executivo de Calidade.**

Segundo o Plan Executivo de Calidade aprobado o pasado xullo, realizáronse diversas enquisas relacionadas coa calidade. A principio de curso realizouse a enquisa aos estudantes de nova incorporación, os resultados da cal levaranse as respectivas comisións de título. Os resultados das enquisas sobre adquisición de competencias levaranse, nos graos, tamén ás comisións de título. Ademais, no Grao en Enxeñaría Química enviaranse tamén os datos ao Comité Externo, que se reunirá en decembro.

Dentro do Plan Executivo realizáronse tamén as reunións de coordinación dos graos, e a reunión cos estudantes de nova incorporación. Está pendente a reunión cos novos estudantes para o Plan de Titorías Personalizadas, e as reunións globais cos estudantes.

Os resultados da reunión cos estudantes de nova incorporación do Grao en Enxeñaría Química (GrEQ) comentáronse xa nunha reunión da comisión do título. A reunión cos profesores tivo lugar fai dous días, e cos estudantes a semana pasada. O coordinador do Grao informa de que á reunión cos estudantes asistiron 41. Vaise enviar un resumo a todos os estudantes xunto co anuncio das próximas actividades. Respecto ao uso dos Foros de Coordinación para a comunicación cos estudantes a través do campus virtual, algúns profesores comentaron que prefiren non recibir os avisos. E respecto ao Plan de Titorías Personalizadas,

este ano acórdase que os coordinadores de curso se encarguen dos alumnos do curso correspondente. Os alumnos están acudindo, parece que o programa funciona ben.

O coordinador do Grao en Enxeñaría Informática (GrEI) indica que os resultados das enquisas se levarán á próxima reunión da comisión do título. O Comité Externo non está aínda constituído. Na reunión cos profesores, que tivo lugar o 22 de outubro matizáronse algunhas das accións de mellora. As reunións do Plan de Titorías Personalizadas realizáronse o 8 de outubro; este curso seguen os mesmos cinco titores que o curso pasado. Está pendente a reunión cos estudantes (o próximo 5 de novembro). Vaise facer con todos á vez.

A coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos (MEQBIO) indica que os resultados da reunión cos novos estudantes xa están incluídos na acta da correspondente reunión da comisión do título. Só quere destacar a baixa participación. A reunión de coordinación cos profesores terá lugar hoxe ás 12:30. Xa se realizaron dúas reunións de inicio de módulo (para o primeiro módulo, en xullo, e para o segundo que empeza agora, fai 15 días). A reunión final cos estudantes non se fixo porque non é posible. Os estudantes ao final están todos de prácticas ou facendo o Tráballo Fin de Máster. Para este curso propónse que se faga en xuño.

O coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental (MEamb) informa de que a reunión cos profesores se celebrará a próxima semana, cando xa estarán dispoñibles os datos de calidade e a análise da matrícula. Respecto aos alumnos, agora están rematando os estudos os de segundo curso, polo que a reunión se celebrará a próxima semana tamén. E no relativo ás enquisas, destacar a menor participación que cando se facían presenciais. Propónse que por módulos se fagan algunhas en papel. A coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos indica que neste máster tamén se fan enquisas por módulos. A próxima semana farase tamén a reunión sobre a Aula Profesional.

O Sr. Director indica para rematar este punto que desde a Área de Calidade suxeriron incorporar ao SGIC este Plan Executivo de Calidade como proceso específico do centro.

### **3. Actualización da Programación Plurianual do Plan Estratéxico**

O Sr. Director indica que este é o primeiro paso para a elaboración da Memoria de Calidade. Para as accións de mellora, debe indicarse se se fixeron ou non, e ver se hai evidencias ou indicadores de que se teñen levado a cabo. Debe revisarse se as evidencias son correctas, se faltan evidencias por incluír, se hai indicadores que engadir, etc.

Dase por aprobada incluíndo os pequenos detalles que se atopen na revisión.

### **4. Realización dos Informes de Seguimento**

O Sr. Director indica que a secretaria de dirección xa enviou a información relativa a cada título, para incluír nos informes. Recibiuse un correo desde a Área de Calidade, no que se adxuntan as memorias xa completadas coa información de carácter público, e xa se revisou que estivese todo ben. Para o resto da memoria, cambiou bastante o formato, e pasa a ser o formato das acreditacións. O problema é que cambiou a nomenclatura: non coinciden os códigos dos ítems.

A estratexia que se propón desde a dirección é analizar a folla con sete criterios e os indicadores asociados a cada criterio. Trátase de ver que indicadores teñen datos que nos din que algo ten que mellorar. En primeiro lugar, débense analizar os indicadores presentes na memoria dos títulos, comparar cos datos

reais e extraer as reflexións oportunas. Ata o informe do ano anterior había un apartado de discusión. Agora basta con facer o informe ou acta (non fai falla discusión a maiores no documento). Nos informes de seguimento é suficiente que haxa accións de mellora co seu correspondente informe ou acta. Para as acreditacións é preciso que haxa ademais unha parte de evidencias.

Para os indicadores nos que se observen discrepancias respecto aos valores na memoria ou adecuados, debe propoñerse accións de mellora. Non hai que poñer accións de mellora para todos os indicadores. Deben propoñerse accións que se vaian a cumprir.

Preténdese que os resultados vaian sendo acumulativos. As accións de mellora pasadas deben incorporarse indicando se están completas, en desenvolvemento, ou foron abandonadas, ou pechadas. Nos títulos acreditados tomarase como referencia a data da acreditación. Nos outros, os dous informes anteriores.

O coordinador do GrEQ pregunta se para o procedemento de acreditación hai algo novo no modelo. Porque non coinciden os códigos dos indicadores. A coordinadora do MEQBIO indica que xa lle enviaron a lista de evidencias para a acreditación. A data para o envío dos informes de seguimento é o 23 de novembro, excepto para as titulacións en proceso de acreditación, nas que a data de envío é o 9 de decembro. Nesta data debe enviarse o informe de seguimento xunto coas evidencias. A coordinadora presenta a lista de indicadores. O coordinador do GrEQ comenta que o formato que envía é o que deseñou el. Pide que se comente á ACSUG que o próximo ano unifiquen nomenclaturas. O Sr. Director insiste en que o importante é introducir as accións de mellora na aplicación. Hai un manual para ver como facelo. Estas accións de mellora serán para as que se solicite axuda económica en xaneiro. E van a pedir que estean na aplicación. A aplicación vai incluír un botón para imprimir un documento coa acción de mellora correspondente que logo se engadirá ao informe. Respecto ás accións de mellora que impliquen un custe, faranse en función do orzamento concedido. As accións antigas que queramos recuperar non fai falta metelas na aplicación, senón só revisar as fichas correspondentes.

A coordinadora do MEQBIO pregunta se se deben cubrir as modificacións do título. A resposta é que si. Neste caso, o cambio é relativo ao número de alumnos ofertado. O Sr. Director indica tamén que hai que subir á web todas as actas das comisións de título e de calidade. Deben mandárselle a Iria para que as publique. Estarán na sección de Calidade da web, cada unha no seu apartado. Desde as páxinas dos títulos poñeranse enlaces a elas.

O MEQBIO debía ter informe externo este ano, pero como vai a acreditación non o vai ter.

O coordinador do GrEQ pregunta sobre as tres materias que se avaliarán na acreditación: se se pode enviar o formato con antelación. O Sr. Director responde que habería que envialo a todos os profesores, pois non se saben as materias, e vai haber queixas. O que pode facerse é enviar un correo desde a coordinación do título indicando como vai ser o proceso, e informando de que de tres materias haberá que aportar evidencias en determinados prazos, asistir a reunións, etc.

O coordinador do GrEQ pregunta tamén sobre a biblioteca. A comisión avaliadora solicita tamén evidencias sobre os TFG presentados. Elixen tres, pero na biblioteca faltan CDs e pode haber problemas. A

xestora pregunta sobre o curso a avaliar. Como vai ser o 2014-15, indica que como se conserva alomenos un exemplar durante un curso, non vai haber ningún problema neste aspecto.

#### **5. Memoria de Calidade do Centro**

O Sr. Director informa de que se vai encargar el de elaborar a memoria, pero necesita información sobre as accións de mellora novas, e o estado de execución das accións de mellora anteriores. A memoria se fai despois dos informes de seguimento. Indica que sería interesante incluír unha acción de mellora relacionada cos resultados do Assessment Center. As accións de mellora de centro trasládanse aos títulos tamén.

#### **6. Participación na Certificación da Implantación do Sistema de Garantía de Calidade**

Deste apartado vaise encargar tamén o Sr. Director, e irá solicitando aqueles datos que precise. Vaise levar a cabo unha revisión dos procedementos, para o que haberá que determinar cales e que persoas serán encargadas. Vaise facer unha ponencia que se traerá a unha próxima reunión da comisión de Calidade. Este proceso incorporárase tamén á Memoria de Calidade do Centro.

#### **7. Quenda aberta**

A coordinadora do MEQBIO pregunta polo prazo para gastar o importe concedido nas Axudas de Accións de Mellora da Docencia pois parece que aínda non o ingresaron. O reparto parece que foi feito de forma lineal segundo o número de alumnos. O Sr. Director indica que vai consultar se xa está feito ou non o ingreso.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 10:50 h.